

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE XUÑO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e seis minutos do día vinte e oito de xuño do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 21 DE XUÑO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xuño de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de xuño de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 27 de maio de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se inclúe no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia o edificio situado na rúa Moncho Reboiras, número 8, no concello de Culleredo (A Coruña). DOG núm. 117 do 22-06-2021.
- Resolución do 9 de xuño de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se resollen as subvencións previstas na Resolución do 2 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). DOG núm. 117 do 22-06-2021.

- Anuncio do 17 de xuño de 2021, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao segundo trimestre do ano 2021 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 117 do 23-06-2021.
- Anuncio do 28 de maio de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación técnica do Plan de investimento en vías provinciais 2021 quinta fase. BOP núm. 119 do 28-06-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá Conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1075/2021 de data do 074/06/2021 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde redactado para a obra “Acondicionamiento polideportiva descubierta PaseoMarítimo do Burgo”, redactado por José Antonio Castrillón Manso, e que ten o C. V. 722W1W1W71334T2V0SNX .
- Resolución número CUL/RES/1133/2021 de data do 15/06/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade respecto da limpeza, roza e retirada de especies invasoras de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Culleredo(BOP nº188, de 2 de outubro de 2014) respecto da parcela con referencia catastral 9967571NH5906N .
- Resolución número CUL/RES/1158/2021 de data do 21/06/2021 pola que se ordena á TRASDOVAL, S.L., como propietario, á realización nos terreos coa referencia catastral 1140920NH5913S0001OX, a limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 2 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. A partir das 20.30 h.

BURGOJAZZ 2021

Actuacións de:

-Mr. Cool & Ton Risco.

-Dixie Kings.

Entrada gratuíta. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor.. Reserva de asentos a mesma semana da actuación no tfno. 981665597.

SÁBADO 3 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. A partir das 20.30 h.

BURGOJAZZ 2021

Actuacións de:

- O Intre.

- Havana Soul.

Entrada gratuíta. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor. Reserva de asentos a mesma semana da actuación no tfno. 981665597.”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/05/2021	950	A extinción no servizo municipal de Xantar na casa	***1214**	
28/05/2021	954	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	***9833**	
28/05/2021	955	Conceder unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***1879**	

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
28/05/2021	962	Conceder unha axuda económica.	***2434**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (139€) e de xaneiro a marzo de 2021 (330€/mes).	1129€
28/05/2021	963	Conceder unha axuda económica.	***8893**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (369€), marzo e abril (380€/mes) de 2021.	1129€
28/05/2021	964	Conceder unha axuda económica.	***3458**	Pago dos recibos de auga correspondentes ao ano 2021. Pago dos recibos de luz correspondentes ao ano	

C.I.F. P-1503100-H

				2021. Pago dos recibos de gas correspondentes ao ano 2021. Bono de alimentos tipo A e o bono de hixiene tipo A, durante seis meses e cunha entrega mensual.	
28/05/2021	965	Conceder unha axuda económica.	***0041**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (156,07) e febreiro e marzo (350€/mes) de 2021. Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º, 3º e 4º trimestre de 2020.	856,07€ 272,93€
28/05/2021	966	Conceder unha axuda económica.	***6697**	Pago de aluguer, xaneiro(320€), febreiro(320€), marzo(320€) e parte de abril(169€) de 2021.	1129€
28/05/2021	967	Conceder unha axuda económica.	***6236**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño (171,88€/mes) e 98,52€ o mes de xullo de 2021.	1129,80€
28/05/2021	968	Conceder unha axuda económica.	32828105K	pago de aluguer, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2020 (250€/mes), xaneiro e febreiro (250€/mes) e parte marzo de 2021 (129€).	1129€
28/05/2021	969	Conceder unha axuda económica.	***9145	pago de aluguer, correspondente aos	1129€

C.I.F. P-1503100-H

				meses de marzo (329€), abril e maio (400€/mes) de 2021.	
28/05/2021	970	Conceder unha axuda económica.	***7391**	Para o pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro a decembro (150€/mes) de 2020 e xaneiro a marzo (150€/mes) e parte de abril (79€) de 2021.	1129€
28/05/2021	971	Conceder unha axuda económica.	****2542*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro (400€/mes) e parte de marzo (329€) de 2021.	1129€
28/05/2021	972	Conceder unha axuda económica.	****7183*	Para o pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (329€) e marzo e abril (400€/mes) de 2021.	1129€
31/05/2021	973	Conceder unha axuda económica.	***3718**	Para o pago de aluguer, correspondente aos meses de outubro de 2020 (329€) e xaneiro e febreiro de 2021 (400€/mes).	1129€
31/05/2021	981	Conceder unha axuda económica.	***3595**	Pago de electricidade, correspondente aos meses de xaneiro (60,52€), febreiro (51,29€) e marzo (43,14€) 2021. Para o pago de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020 (99,33€) e 1º trimestre de 2021 (73,63€). Pago de auga, correspondente ao 2º e 3º trimestre de 2021. Pago de electricidade,	

C.I.F. P-1503100-H

				correspondente a tres meses de 2021. Pago de gas, correspondente a 6 meses de 2021. Bono de alimentos e hixiene durante tres meses e cunha entrega mensual de 2021.	
31/05/2021	982	Conceder unha axuda económica.	***4314**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (139€) e de marzo a maio (330€/mes) de 2021.	1129€
31/05/2021	983	Conceder unha axuda económica.	***7194**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (329€), febreiro e marzo (400€/mes) de 2021.	1129€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
28/05/2021	951	Conceder unha copia da tarxeta de estacionamento por extravío por razón de discapacidade.	***1904**	Período de validez desde o 08/08/2017 ata o 08/08/2027
28/05/2021	956	Conceder unha copia da tarxeta de estacionamento por extravío por razón de discapacidade.	***4901**	10 anos

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS



2.2.4.- A Sra. secretaria xeral dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Persoal de data 22 de xuño de 2021, que transcrito di:

"Por resolucións do Sr. Alcalde de data 31/05/2021 (documentos UPO15I00XH e UPO15I00XI) resolvéronse os recursos de reposición presentados por J.L.L. e J.Á.R.S., respectivamente, contra as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo.

De acordo coas citadas resolucións debe darse conta das mesmas á Xunta de Goberno Local.

O que se comunica aos efectos da inclusión da dación de conta das resolucións na orde do día da vindeira sesión da Xunta de Goberno Local."

"RESOLUCIÓN

Con data 20/04/2021 pola Xunta de Goberno Local aproboase deixar sen efecto as bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 (BOP 05,04,2017) e aprobar as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo (persoal funcionario interino)

Con data 11/05/2021 publicouse anuncio da convocatoria no BOP nº 87.

Mediante escrito con rexistro de entrada 2021/5490 de data 12/05/2021, D. J.L.L. presenta recurso de reposición contra as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo.

Visto o informe-proposta emitido polo Xefe do Gabinete Técnico de data 31/05/2021 (documento UPO15I00XF) que contén as seguintes consideracións:

"Primera. Recurso de reposición

Os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas establecen que:

"Artículo 123. Objeto y naturaleza.

1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.

Artículo 124. Plazos.

1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

C.I.F. P-1503100-H

Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.

3. *Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.*

En consecuencia, o recurso de reposición foi presentado dentro do prazo establecido para elo, sendo o prazo máximo para dictar e notificar a resolución do mesmo dun mes.

Segunda. Procedementos de selección.

1. Os procedementos de selección de persoal do Concello de Culleredo axústanse ao ordenamento xurídico e cumpren cos principios de igualdade, capacidade e mérito, tendo as/os interesados/as ao seu alcance as ferramentas xurídicas necesarias para a defensa dos intereses que entendan que poden verse afectados.

Terceira.- Bases da convocatoria.

1. En canto aos chamamentos aos condidatos/as, a base oitava das bases da convocatoria dispón que se realizarán por vía telefónica, dándose un prazo para contestar.

Como acto administrativo, debe acreditarse a realización efectiva do mesmo, que neste caso se realizará mediante dilixencia pola/o funcionaria/o que realice a chamada.

Neste sentido, cabe reseñar que ás actuacións realizadas por funcionarios/as de carreira no exercizo das súas funcións se lles presupón veracidade, tal e como dispón o artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por tanto, se considera que a metodoloxía de chamamento aos aspirantes se axusta á lexislación vixente.

2. En canto á fase de oposición, a base sexta dispón:

"2. A fase de oposición consistirá na contestación por escrito a un cuestionario de TRINTA preguntas tipo test, con respostas alternativas, sobre o temario que figura no anexo II das presentes bases, nun tempo máximo de TRINTA minutos. O tribunal establecerá os criterios para valorar esta proba.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio e será valorado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 5 puntos."

Do disposto no artigo se deduce claramente que se hai trinta preguntas, para aprobar débense constestar de forma correcta 15 preguntas.

En canto á penalización das respostas incorrectas, e non dispoñendo nada ao respecto bases da convocatoria, é evidente que non penalizan, debéndose aplicar as normas de dereito positivo. Polo que respecta ás preguntas de reserva, será o tribunal, quen no uso das súas facultades de discrecionalidade establezca esta posibilidade. Coa finalidade de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexir no procedemento, o tribunal cualifica os exercicios dos/as aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos na convocatoria e, nos supostos de desenvolver os mesmos, ten que acreditar o coñecemento destes por parte dos/as aspirantes con carácter previo á realización dos exercicios. "

Polo exposto, e considerando que as bases para a elaboración dunha lista de substitución de axiliar administrativo/a no Concello de Culleredo (persoal funcionario interino) se axustan á lexislación vixente

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar íntegramente o recurso de reposición presentado por J.L.L. contra as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo (rexistro de entrada 2021/5490 de data 12/05/2021).

Segundo.- Dar conta desta resolución ao interesado e á Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, O ALCALDE (asinado dixitalmente) RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON Alcalde-Presidente 31/05/2021 13:05 Dou fe, A secretaria xeral (asinado dixitalmente) PASTOR NOVO, PILAR MARIA DILIXENCIA: Á vista desta resolución por Secretaría emitíuse a nota informativa de secretaria 41/2021 (código documento USG15I023B) na que se informa desfavorablemente esta Resolución. A secretaria xeral 01/06/2021 14:25"

"RESOLUCIÓN

Con data 20/04/2021 pola Xunta de Goberno Local aproboase deixar sen efecto as bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 (BOP 05.04.2017) e aprobar as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo (persoal funcionario interino)

Con data 11/05/2021 publicouse anuncio da convocatoria no BOP nº 87.

Mediante escrito con rexistro de entrada 2021/6044 de data 24/05/2021, D. J.Á.R.S. presenta recurso de reposición contra as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo.

Visto o informe-proposta emitido polo Xefe do Gabinete Técnico de data 31/05/2021 (documento UPO15I00XG) que contén as seguintes consideracións:

"Primera. Recurso de reposición

Os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas establecen que:

"Artículo 123. Objeto y naturaleza.

1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.

Artículo 124. Plazos.

1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

C.I.F. P-1503100-H

Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.

3. *Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.*"

En consecuencia, o recurso de reposición foi presentado dentro do prazo establecido para elo, sendo o prazo máximo para dictar e notificar a resolución do mesmo dun mes.

Segunda. Bases da convocatoria.

A alegación presentada ven referida á base 6.2, que dispón que *"2. A fase de oposición consistirá na contestación por escrito a un cuestionario de TRINTA preguntas tipo test, con respostas alternativas, sobre o temario que figura no anexo II das presentes bases, nun tempo máximo de TRINTA minutos. O tribunal establecerá os criterios para valorar esta proba.*

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio e será valorado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 5 puntos."

Á vista do disposto na citad base, se significa que será o tribunal, quen no uso das súas facultades de discrecionalidade establezca os criterios para valorar esta proba, tendo presente que coa finalidade de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no procedemento, o tribunal cualifica os exercicios dos/as aspirantes de acordo co establecido nos baremos de puntuación da convocatoria. Así mesmo e ten que acreditar o coñecemento dos criterios de valoración por parte dos/as aspirantes con carácter previo á realización do exercicio, debéndose aplicar para o establecemento deste criterios as normas de dereito positivo.

A maior abundamento, do disposto na citada base 6.2 se deduce claramente que se hai trinta preguntas, para aprobar debense contestar de forma correcta 15 preguntas.

En canto á penalización das respostas incorrectas, e non dispoñendo nada ao respecto bases da convocatoria, é evidente que non penalizan, debéndose aplicar as normas de dereito positivo.

Polo que respecta ás preguntas de reserva, será o tribunal, quen no uso das súas facultades de discrecionalidade establezca esta posibilidade, debéndose acreditar o coñecemento deste feito por parte dos/das aspirantes con carácter previo á realización do exercicio.

Por tanto pode concluírse que o proceso si respecta o principio de publicidade xa que o tribunal ten a obriga de acreditar o coñecemento por parte dos aspirantes dos criterios de valoración das preguntas con anterioridade á celebración do exercicio, e por tanto se respectan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de seguridade xurídica.

Así mesmo, cabe indicar que o recurso fórmulase sobre un suposto que non se produciu, xa que o recurrente da por certo que o tribunal non comunicará aos aspirantes os criterios de valoración con carácter previo á celebración da proba."

Polo exposto, e considerando que as bases para a elaboración dunha lista de substitución de axiliar administrativo/a no Concello de Culleredo (persoal funcionario interino) se axustan á lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar íntegramente o recurso de reposición presentado por J.Á.R.S. contra as bases para a elaboración dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a no Concello de Culleredo (registro de entrada 2021/6044 de data 24/05/2021).

Segundo.- Dar conta desta resolución ao interesado e á Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, O ALCALDE (asinado dixitalmente) RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON Alcalde-Presidente 01/06/2021 08:37 Dou fe, A secretaria xeral (asinado dixitalmente) PASTOR NOVO, PILAR MARIA DILIXENCIA: Á vista desta Resolución emitíuse a nota informativa de Secretaría 42/2021 (código documento USG15I023C) na que se informou desfavorablemente esta Resolución. A secretaria xeral 01/06/2021 14:29"

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H